



# CONCURSO DE CABAZAS 2016

O Concello de Catoira convoca, con motivo da celebración da XVII Procesión de Caveiras, o "Concurso de cabazas 2016", coas seguintes BASES:

1. Poderá participar no concurso calquera persoa que o desexe, de forma individual ou colectiva. Cada persoa poderá presentar unha única cabaza.
2. As cabazas deberán ser naturais e poderán decorarse con calquera motivo, técnica ou material. O xurado valorará a orixinalidade, creatividade e esforzo na decoración da cabaza.
3. Establécense tres premios:
  - a. Primeiro premio: 100 euros
  - b. Segundo premio: 75 euros
  - c. Terceiro premio: 50 euros
4. As cabazas deberán entregarse o xoves 27 de outubro na entrada da Biblioteca Pública Municipal en horario de 16:30 a 18:30 h. Para a súa identificación, cada cabaza deberá entregarse acompañada dun sobre en branco e pechado, cunha nota no interior onde se indique o nome do/a autor/a, enderezo e teléfono de contacto. As persoas menores de idade deberán incluír tamén un escrito asinado polo pai/nai/titor autorizando a participación no concurso.
5. O xurado estará composto por representantes do Goberno local, do CPI Progreso de Catoira e de algunha asociación do municipio. O seu fallo será inapelable.
6. A resolución do concurso farase pública o venres 28 de outubro de 2016 a través da web [www.catoira.es](http://www.catoira.es) e no taboleiro de anuncios da Biblioteca Pública Municipal. A entrega de premios terá lugar ese mesmo día ás 20:00 horas no Auditorio Municipal de Catoira.
7. As cabazas poderán recollese o venres 28, de 20:30 a 21:00 h. Por motivos de hixiene, todas as cabazas que non sexan recollidas serán destruídas.
8. Participar neste concurso implica aceptar as súas bases.

En virtude da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos que os datos proporcionados de forma voluntaria non serán incorporados a ningún ficheiro e só se utilizarán para notificación dos gañadores do premio, procedendo posteriormente á súa destrución.